

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2015

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día once de febreiro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 28 de xaneiro de 2015.


ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a legalización de ampliación de planta baixa e reforma interior de vivenda unifamiliar en ringleira e execución de obras de acabados, na edificación coas licenzas 142/69, 1405/10 e 316/13, sita na rúa Bataneira, número 3; para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Narciso Peinado, número 3; para a instalación de ascensor no edificio sito na rúa Castelao, número 70; para reforma de fachada no entresollado do edificio sito na avda. da Coruña, números 435-437; para obras de reforma de planta baixa e primeira para residencia comunitaria, no edificio con licenzas 715/02 e 427/04, sito na rúa Quiroga Ballesteros, número 23, esquina rúa San Froilán; para a ampliación de explotación agrícola, consistente na construción dun alpendre para almacén de maquinaria e garda de alimentos para o gando, no núcleo rural tradicional, no lugar de hospital - parroquia de San Pedro de Mera e para instalación de piscina prefabricada no núcleo rural tradicional de Ponte do Castro, parroquia de Santo André de Castro.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación inicial do estudo de detalle para a agregación de dúas parcelas e ordenación de volumetría e estética das unidades edificatorias 130611 e 130612 (rúa San Marcos, números 4-6) do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior (PEPRI).

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

Código Seguro de verificación:Rx39Z6ix9XkSfcpI02WcmA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	12/02/2015
ID. FIRMA	afirma.pro	Rx39Z6ix9XkSfcpI02WcmA==	PÁGINA 1/2
			
Rx39Z6ix9XkSfcpI02WcmA==			

3. ACTAS E GOBERNO.- Acórdase aprobar a proposta da Secretaría de rectificación do erro producido no acordo número 1/639 da Xunta de Goberno Local do 10 de setembro de 2014.

4. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios durante o mes de febreiro de 2015 por membros da Policía Local adscritos á unidade de sancións e a aprobación da forma de compensación.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Sección de Cultura, Turismo, por motivo da celebración do antroido 2015 e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

5. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a renuncia á celebración do contrato na contratación da subministración de áridos.

Así mesmo, acórase a resolución de expediente de incautación de garantía definitiva por defectos non emendados na contratación do deseño, adecuación dos espazos, fabricación e montaxe da instalación Museográfica do Museo Interactivo da Historia de Lugo (Fondo Estatal para o Emprego e a sostibilidade local).

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:Rx39Z6ix9XkSfcpI02WcmA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	12/02/2015
ID. FIRMA	afirma.pro	Rx39Z6ix9XkSfcpI02WcmA==	PÁGINA 2/2

